

Programación do módulo de proxecto

CIEFP Politécnico de Santiago

Curso: 2023 - 2024

Ciclo formativo

Familia profesional	Ciclo formativo	Grao	Réxime	Modalidade
Fabricación Mecánica	Construcións Metálicas	Superior	Ordinario	Presencial

Profesorado participante

Titor/a	Edita Álvarez Silva
Profesor	José M ^a Vispalia Blanco
Profesor	José Carlos Barros Docampo
Profesora	David Saavedra
Profesor	Eva Rodríguez Vaamonde



Índice

1	Introdución e contextualización.....	3
2	Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo.....	3
3	Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación.....	4
4	Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado.....	8
5	Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado.....	9
6	Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final.....	10
	Horario previsto para as actividades de titoría.....	10
7	Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación.....	11
8	Procedementos para avaliar a propia programación.....	11
9	Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado.....	12
	Anexos.....	13

1 **Introdución e contextualización**

O módulo de proxecto incluído no currículo, Decreto 109/2013, do 4 de xullo, ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e a xestión empresarial.

A programación deste módulo profesional de proxecto consiste nun documento de especificacións sobre as características e o alcance do traballo para realizar que, en todo caso, deberá tomar como referencia un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional de que se trate.

Este módulo organizase sobre a base da titoría individual e colectiva por parte do profesorado que imparte docencia no ciclo formativo.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Execución de traballos en equipo.
- Avaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa.
- Uso das TIC

A presente programación didáctica xustifícase con base no currículo recollido no decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mecatrónica Industrial.

Tómanse tamén como referencia a Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24, así como a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Por outra banda, relacionamos a continuación as últimas Ordes en cuestión de axudas que se poden atopar en normativa no vínculo web <http://www.edu.xunta.es/fp/fct>.

2 **Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo**

O proxecto desenvolverase tomando como referencia un proceso produtivo, real ou simulado de instalacións industriais onde o alumnado poida chegar a desenvolver o proxecto ata as fases de deseño e planificación.

Unha vez que está clara a definición do proxecto, é necesario ter claro os obxectivos que persegue a súa realización e o alcance deste.

O primeiro obxectivo é o resultado final do proxecto, é dicir, a obra que se quere realizar, o obxecto que se quere producir ou o servizo que se quere prestar; e supón a orixe e xustificación do mesmo, polo que se pode considerar o obxectivo máis importante e significativo.

Á hora de planificar e executar un proxecto, sempre se deberá ter en conta que recursos económicos van ser necesarios, de xeito que se busque a súa eficacia e eficiencia. Trataráse de acadar os obxectivos

establecidos, equilibrando esa consecución de obxectivos cunha rendibilidade económica e, no seu caso, social do proxecto.

Por outra banda, para a realización de un proxecto dispónse de un tempo limitado. Por iso é importante realizar un cronograma ou planificación do tempo adecuado, ademais de realizar un seguimento do tempo durante o desenvolvemento do proxecto, buscando cumprir o prazo previamente establecido.

E tamén se deben determinar as especificacións do proceso produtivo do obxecto do proxecto e os métodos que aseguren a calidade, a partir das especificacións do deseño, dos obxectivos de calidade, dos recursos dispoñibles e de catálogos comerciais de materiais.

3 Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación

Resultados de aprendizaxe do currículo	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación
RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer	<ul style="list-style-type: none"> • CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e polo tipo de produto ou servizo que ofrezan. • CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento. • CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas. • CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector. • CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas. • CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto. • CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. • Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno.

	<ul style="list-style-type: none"> • CA1.8. Identificáronse axudas ou subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan. • CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para a elaboración do proxecto. 	
<p>RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto. • CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto. • CA2.3. Identificouse o contido do proxecto, así como as súas fases e as súas partes. • CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e comprobouse que sexan asumibles. • CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto. • CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente. • CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto. • CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño. • CA2.9. Identificáronse os aspectos que é preciso controlar para garantir a calidade do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. • Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno.
	<ul style="list-style-type: none"> • CA3.1. Estableceuse a secuencia de 	

<p>RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.</p>	<p>actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.</p> <ul style="list-style-type: none"> • CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade. • CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades. • CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades. • CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios. • CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, así como os tempos de execución. • CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica. • CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. • Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno
	<ul style="list-style-type: none"> • CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións. • CA4.2. Definíronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación. 	

<p>RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro. • CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro. • CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto. • CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos. • CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. • Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno
<p>RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto. • CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector. • CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño. • CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto. • CA5.5. Xustificáronse as decisións 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica a aplicar sobre o a exposición e defensa do proxecto.

	<p>tomadas de planificación da execución do proxecto.</p> <ul style="list-style-type: none"> • CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto. • CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo. • CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora. • CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición • CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados das empresas do sector. 	
--	---	--

4 Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

Traballos a desenvolver polo alumnado	Coordinación e participación do profesorado
Deseñar unha idea para desenvolver nun Proxecto.	Dar as pautas para a elaboración do Proxecto
Buscar e recompilar a información.	Dirixir a elaboración do proxecto.
Elaborar o Proxecto, integrado cos seguintes documentos como mínimo: <ul style="list-style-type: none"> 1 Memoria. 2 Prego de condicións. 3 Planos. 4 Orzamento. 	Realizar o seguimento do proceso de elaboración.
Presentar e defender publicamente o Proxecto.	Avaliar a preparación do Proxecto. Avaliar a presentación e defensa do Proxecto.

5 Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

As actividades e tarefas son individuais e deben realizadas durante o desenvolvemento das prácticas na empresa e presentalas nas reunións previstas co/a profesor/a – director/a do módulo.

Actividade	Tarefa
A 1. Busca de información e elaboración dun guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.	<p>T1.1 Busca de información sobre actividades profesionais onde se desenvolverán as competencias adquiridas durante o ciclo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sectores de metalurxia e fabricación de produtos. - Construción de maquinaria e equipamentos mecánicos. - Fabricación de material e equipamentos eléctricos, electrónicos e ópticos. - Fabricación de material de transporte. <p>T1.2 Elaboración dun guión de traballo para seguir na realización do Proxecto.</p>
A 2. Elaboración dun proxecto relacionado coa familia profesional.	<p>T2.1 Elaboración dun proxecto que conteña os seguintes documentos como mínimo:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Memoria. 2 Prego de condicións. 3 Planos. 4 Orzamento.
A 3. Exposición e defensa do proxecto.	<p>T 3.1 Preparación dunha presentación – resumo do proxecto realizado.</p> <p>T 3.2 Exposición e defensa do mesmo diante dos membros do equipo docente e dos compañeiros de curso.</p>

Fomentarase e valorarase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

6 Horarios previstos para as actividades de tutoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final

Horario previsto para as actividades de tutoría deste ano.

DATA	HORA	LUGAR DE REUNIÓN	MOTIVO
23/10/2023	12:00 h	A 22	INDICACIÓNS XERAIS
30/10/2023	12:00 h	A 22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
06/11/2023	12:00 h	A 22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
13/11/2023	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
20/1/2023	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
27/11/2023	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
11/12/2023	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
2ª semana de decembro(15)	11:30 h	A22	ENTREGA DE PROXECTOS
3ª semana de decembro(18)	11:30 h	A22	DEFENSA DOS PROXECTOS

15/04/24	8:30 h	A22	INDICACIÓNS XERAIS
29/04/2024	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
13/05/2024	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
27/05/2024	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
10/06/2024	12:00 h	A22	REVISIÓN DOS PUNTOS ACORDADOS
2ª semana de xuño(10)	11:00 h	A22	ENTREGA DE PROXECTOS
3ª semana de xuño(17)	11:30 h	A22	DEFENSA DOS PROXECTOS

7 Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación

O módulo de proxecto avaliarase tendo en conta as seguintes proporcións:

- 10% de reunións de seguimento.
- 60% Elaboración do traballo presentado. A cualificación obterase a partir da media aritmética do equipo docente. Elimínanse a nota superior e inferior se houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.
- 30% Exposición do traballo. A cualificación obterase a partir da media aritmética do equipo docente. Elimínanse a nota superior e inferior se houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.

Para acadar unha avaliación positiva neste módulo a deberase obter unha cualificación mínima de 5 puntos e deberanse cumprir todos e cada un dos seguintes apartados.

1. O alumnado deberá asistir as diversas reunión de seguimento programadas
2. Cada alumno/a presentará o proxecto nas datas establecidas e cumprindo as indicacións establecidas nesta programación.

No caso de que a cualificación sexa inferior a 5, o/a alumno/a deberá matricularse de novo neste módulo para presentarse a unha convocatoria posterior.

8 Procedementos para avaliar a propia programación

Nas reunións de equipo docente farase un seguimento dos problemas cotiáns tanto xurdidos a priori nas tororías como nas presentacións coa finalidade de atopar solucións prácticas ós mesmos.

Como parte da avaliación final de ciclo, faranse unha avaliación da programación do modulo de proxectos na correspondente reunión de departamento. As conclusións que se saquen constarán nas correspondentes actas. Na avaliación final farase constar as revisións que se consideren oportunas para incluílas na memoria final do curso así coma na programación do seguinte curso.

Anualmente, cada final de curso realizarase unha actualización das correspondentes programacións adaptando as mesmas ás necesidades detectadas durante o curso.

9 Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado

O alumnado entrégaselle, a comezo do segundo trimestre, un documento contendo a seguinte información:

- Puntos mínimos esixibles que deben ser tratados no Proxecto.
- Formato para a presentación da memoria.
- Criterios e instrumentos de avaliación.
- Calendario de reunións.
- Pautas para a exposición e defensa do Proxecto.

Ao mesmo tempo comunicaráselle a cada alumno que profesor vai exercer de director do seu proxecto.

Anexos

Anexo 1. Formato de presentación da documentación.

Portada

TÉCNICO SUPERIOR EN CONSTRUCCIÓN METÁLICAS

Proxecto de Fin de Ciclo

“TÍTULO”

INCLUIR IMAXE EN MINIATURA

Autor: D. /Dna. xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

Profesor/aTitor/a: D. xxxxxxxxxxxxxxxx

Data:dd/mm/aa

O número máximo de folios non excederá de 100 páxinas, sen contar as achegas.
A redacción e exposición do proxecto poderá ser realizada en galego ou en castelán.

O proxecto contará con índice de capítulos, seccións, achegas..., todo el, paxinado.
Para todo o documento, agás os planos, utilizarase papel branco UNE A4 (210x297). Os marxes estarán comprendidos entre un mínimo de 25mm e un máximo de 35 mm. Recomendase que o marxe esquerdo sexa o maior.
Cada apartado e subapartado irá simplemente numerado seguindo o sistema decimal, 1;1.1, 1.2, ... e en negriña.

Non é necesario sangrar o texto, respecto a numeración de capítulos e apartados.
O tipo de letra para o texto normal será Arial, de tamaño 11 ou 12, xustificado. O interliñado será de 1,5.
Todas as páxinas, agás a portada, deberán ir paxinadas na súa esquina inferior dereita, exemplo 5/90.
A maquetación do proxecto poderá ser en espiral ou encadernada (plan libro), preferiblemente este último
Ao remate do proxecto e antes da exposición, farase entrega á titora dunha copia do mesmo, tanto en papel como en formato dixital.

Índice xeral do proxecto.

MEMORIA

PETICIONARIO	xx
OBXECTIVO DO PROXECTO.....	XX
ALCANCE	xx
ANTECEDENTES	xx
BIBLIOGRAFÍA	xx
MEMORIA DESCRIPTIVA	XX
MEMORIA DE CÁLCULO	XX

ANEXOS	xx
ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE.....	XX

PREGO DE CONDICIÓN

OBXECTIVO DO PREGO DE CONDICIÓN	XX
CONDICIÓN XERÁIS	XX
CONDICIÓN DE DESEÑO	XX
CONDICIÓN DE FABRICACIÓN.....	XX
CONDICIÓN DE MONTAXE.....	XX
CONDICIÓN DE TRANSPORTE E EMBALAXE.....	XX
CONDICIÓN DE MANTEMENTO.....	XX
CONDICIÓN ECONÓMICAS.....	XX
CONDICIÓN DE GARANTÍA	XX

PLANOS

PLANO/S DE CONXUNTO.....	XX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	
PLANO/S DE SUBCONXUNTO.....	XX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	
PLANO/S DE DESPEZO.....	XX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	

ORZAMENTO

ORZAMENTOS PARCIAIS	XX
XXXXXXXXXXXXXXXXXX	
XXXXXXXXXXXX	
XXXXXXXXXXXX	
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	
RESUMEN DE CAPÍTULOS E ORZAMENTO TOTAL	XX

Anexo 2. Cualificación do proxecto

CUALIFICACIÓN DO PROXECTO					
ALUMNO:/A					
	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL	Puntuación
CONTIDO: DESENVOLVEMENTO	O proxecto presenta todos os apartados solicitados e estes están desenvolto coa secuencia lóxica do documento 1 PUNTO	O proxecto presenta case todos os apartados solicitados e estes están desenvolto coa secuencia lóxica do documento 0,75 PUNTOS	Faltan por tratar hasta tres apartados, ou ben estando todos, o traballo non está desenvolvido nunha secuencia lóxica . 0,5 PUNTOS	Faltan máis de tres apartados e/ou os demais non seguen unha secuencia lóxica. 0 PUNTOS	
CONTIDO: CALIDADE DA INFORMACIÓN	A información que se da no proxecto ten rigor científico, e a cantidade correspóndese ao que se espera en cada un dos documentos. 2 PUNTOS	A información que se da no proxecto achégase a ter rigor científico, e a cantidade correspóndese case ao que se espera en cada un dos documentos. 1,5 PUNTOS	En xeral, o proxecto ten rigor científico, aínda que contén algúns erros, e/ou omisión de conceptos importantes e hai documentos nos que a información non é suficiente. 1 PUNTO	A información subministrada no traballo, é escasa, irrelevante e non presenta rigor científico algún. 0 PUNTOS	
CONTIDO: CREATIVIDADE E INNOVACIÓN	O proxecto contén moitos detalles creativos que o apartan do que se fai habitualmente nas empresas relacionadas. 3 PUNTOS	O proxecto contén varios detalles creativos que o apartan do que se fai habitualmente nas empresas relacionadas. 2 PUNTOS	O proxecto contén algún detalle creativo modificando lixeiramente o que se fai nas empresas relacionadas. 1,5 PUNTOS	O proxecto non contén detalles creativos nin é innovador. 0 PUNTOS	
CONTIDO: VIABILIDADE	O proxecto é totalmente viable na forma en que está planeado. 1 PUNTO	O proxecto é practicamente viable na forma en que está planeado. 0,75 PUNTO	Existe algún punto no proxecto que non se planeou ben, facendo perigar a viabilidade do mesmo. 0,5 PUNTOS	O platexamento do proxecto é irreal, e polo tanto non é viable. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: ÍNDICE	Os documentos do proxecto presentan índices completos con números de páxina que facilitan a busca de información. 0,5 PUNTOS	Os documentos do proxecto presentan índices case completos con números de páxina que facilitan a busca de información. 0,35 PUNTOS	Os documentos do proxecto presentan índices, pero estes non están completos, dificultando a busca de información. 0,25 PUNTOS	Os documentos do proxecto non presentan índices 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: FORMATO	O proxecto cumpre con todos os	O proxecto cumpre con case todos os	Algún dos requisitos de formato solicitados non	O proxecto non cumpre cos	

	requisitos de formato solicitados. 0,5 PUNTOS	requisitos de formato solicitados 0,4 PUNTOS	foi atendido. 0,25 PUNTOS	requisitos de formato solicitados. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: REDACCIÓN	O traballo está ben redactado, non contén faltas de ortografía e presenta un vocabulario preciso e axeitado. 1 PUNTO	O traballo está ben redactado, pero contén algunha falta de ortografía e presenta un vocabulario case preciso e axeitado. 1 PUNTO	Existen algunhas faltas de ortografía ou puntuación nos documentos e/ou o vocabulario non é preciso e adecuado. 0,5 PUNTOS	A redacción non é boa, presenta numerosas faltas de ortografía e o vocabulario non é o adecuado. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: IMAXES E ESQUEMAS	O proxecto presenta moitos esquemas que engaden entendemento ao tema cando se precisa. 0,5 PUNTOS	O proxecto presenta suficientes esquemas que engaden entendemento ao tema cando se precisa. 0,4 PUNTOS	Bótanse en falta diagramas e esquemas que axuden a entender algún dos apartados, ou ben os que hai non son axeitados. 0,25 PUNTOS	Os diagramas e esquemas que contén o proxecto teñen unha función de recheo. 0 PUNTOS	
PRESENTACIÓN: BIBLIOGRAFÍA	Existe un apartado de bibliografía e webgrafía onde figuran todas as fontes empregadas no formato axeitado. 0,5 PUNTOS	Existe un apartado de bibliografía onde figuran todas as fontes empregadas no formato axeitado. 0,35 PUNTOS	Existe un apartado de bibliografía, pero faltan algunhas fontes ou ben o formato das mesmas non é adecuado. 0,25 PUNTOS	Non hai apartado de bibliografía 0 PUNTOS	
NOTA					

CUALIFICACIÓN DA PRESENTACIÓN E DEFENSA DO PROXECTO

ALUMNO/A:	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL	Puntuación
SUSCITA E MANTÉN A ATENCIÓN?	A explicación é clara e concisa. 1 PUNTO	A explicación é practicamente clara e concisa. 0,75 PUNTOS	A explicación queda clara agás nalgúns puntos. 0,5 PUNTOS	Non, a explicación do contido non queda clara. 0 PUNTOS	
ADAPTA SE AO TEMPO	Si	Case	Non (x pouco)	Non (x moito)	

ESTABLECIDO?	0,5 PUNTOS	0,4 PUNTOS	0,25 PUNTOS	0 PUNTOS
PREPAROUSE CORRECTAMENT E?	Exprésase coas súas palabras todo o tempo aínda que le algo 1 PUNTO	Exprésase coas súas palabras a maior parte do tempo aínda que le algo 0,75 PUNTOS	Le a maior parte e algo expresa coas súas palabras. 0,5 PUNTOS	Le sempre de follas, fichas e/ou presentación. 0 PUNTOS
ESTÁ BEN ESTRUTURADA?	Presentación, desenvolvemento e conclusión 1 PUNTO	presentación desenvolvemento conclusión 0,75 PUNTOS	Non hai conclusión. 0,5 PUNTOS	Non se axusta a ningún esquema. 0 PUNTOS
AXÚSTASE AO TEMA TRATADO?	Si 0,5 PUNTOS	Practicamente 0,4 PUNTOS	Divaga un pouco. 0,25 PUNTOS	Non ten nada que ver co tema 0 PUNTOS
TEN RIGOR ACADÉMICO?	O contido é correcto 1 PUNTO	O contido é case correcto 0,75 PUNTOS	O contido é correcto na súa maior parte pero hai erros 0,25 PUNTOS	O contido non é correcto ou ten moitos erros 0 PUNTOS
MATERIAIS DE APOIO: DESEÑO	O deseño é atractivo e hai pouco texto 1 PUNTO	O deseño é relativamente atractivo e hai pouco texto 0,7 PUNTOS	Nalgunhas diapositivas hai moito texto 0,25 PUNTOS	O deseño non é atractivo porque en case todas as diapositivas hai moito texto 0 PUNTOS
MATERIAIS DE APOIO: INTEGRACIÓN	Serven de apoio á explicación 1 PUNTO	Non se axusta de todo á explicación 0,75 PUNTOS	Algúns non aportan nada. 0,5 PUNTOS	Non engaden nada á explicación 0 PUNTOS
RESPOSTA ÁS CUESTIÓN SUSCITADAS?	Si, sabe argumentar. 2 PUNTOS	Si, argumenta case correctamente. 1,5 PUNTOS	Non é capaz de responder a algunhas preguntas. 1 PUNTO	Non sabe que responder a maioría das preguntas 0 PUNTOS
CAPACIDADE DE	Si, a presentación	Si, a presentación	Hai algunha parte	Non, unha parte

SÍNTESE?	reflicte o proxecto. 1 PUNTO	case reflicte o proxecto. 0,75 PUNTO	do proxecto que non figura. 0,5 PUNTOS	importante do proxecto non aparece na exposición 0 PUNTOS	
NOTA					

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO DE PROXECTO				
ALUMNO/A	SEGUIMIENTO (10%)	DOCUMENTO PROXECTO (60%)	EXPOSICIÓN (30%)	NOTA FINAL